



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**2º DE PRIMARIA**  
CURSO 2021-2022

CPI CERNADAS DE CASTRO

Isaura García Rial

## INDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
1.1	Presentación.....	2
1.2	Fundamentación legal.....	2
1.3	Contexto sociocultural.....	4
1.4	Características do centro.....	5
1.5	Profesorado adscrito a 2º curso de educación primaria.....	6
1.6	Alumnado de segundo curso.....	7
2.	PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA, PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/ OU NON PRESENCIAL.....	8
2.1	Actividade lectiva presencial.....	8
2.2	Actividade lectiva non presencial.....	9
3.	RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	10
4.	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	31
5.	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.....	138
6.	MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	14079.
	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	141
7.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	142
8.	DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	143
9.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.....	145
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	147
11.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	150
12.	ACCÍONS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	151
13.	ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.....	154
14.	ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	157
15.	PARTICIPACIÓN DE PAÍS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.....	160

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

### 1.1 Presentación.

A presente programación didáctica realízase tendo en conta as competencias clave, obxectivos, os estándares de educación, os instrumentos de avaliación, os mínimos esixibles...propostos no currículo oficial vixente, que se reflicte no Decreto 105 do 2014, polo que se regula a implantación do currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa. A fase de creación do devandito documento faise tendo en conta que:

O noso currículo é aberto e flexible, e está fundamentado por unha serie de correntes e fontes (pedagóxica, psicolóxica e epistemolóxica) que lle dan sentido e desafortunadamente achégase máis á realidade escolar. Este currículo está a sufrir unha serie de acomodacións coa Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.

O Proxecto Educativo permite que se establecen certos criterios mínimos a seguir por todos no centro educativo, así coma as normas de organización e funcionamento, nos que se reflicten as sinais de identidade.

A Programación Xeral Anual (P.X.A) marca as directrices a seguir durante o curso académico 2020/21 tendo sempre en consideración o pautado no Proxecto Educativo.

O profesorado reconece as súas funcións no Decreto 374/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos colexios de educación infantil e educación primaria, e a Orde que o regula do 22 de Xullo de 1997.

### 1.2 Fundamentación legal.

- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. (LODE)
  
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOE)

- Real Decreto 132/2010, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Primaria.
- Real Decreto 276/2007, polo que se regula o novo procedemento de acceso á función pública docente.
- Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

### 1.3 Contexto sociocultural.

O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame e máis concretamente no lugar da Silva. Situado no interior da ría de Muros e Noia, limita ao norte co concello de Brión, ao sur con Boiro e Rianxo, ao leste con Rois e Dodro e ao oeste con Porto do Son.

É un municipio de 93,6 quilómetros cadrados, con 3.621 habitantes (IGE, 2012), o que lle dá unha densidade de 38,7 habitantes por quilómetro cadrado (centil 48 dos concellos de Galicia) distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos densamente habitado entre os que ocupan a península do Barbanza. A casa consistorial está na aldea de Portobravo. Consta de 7 parroquias: *Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilacoba*. Estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

A idade media é de 48,5 anos (cun 30 % de maiores de 65 anos e un 10% de menores de 15) e cun saldo vexetativo de -35 (IGE 2012). Estes datos corresponden a unha pirámide poboacional de tipo regresivo cunha paulatina perda de poboación.

Aínda que este CPI está situado nunha zona rural, non responde ao esquema habitual de zona rural agrícola, pois o 50% da poboación activa (cun 9% de paro) ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector servizos, sendo a distribución restante 24% sector da industria, 14% a construción e o 12% final, a agricultura. No entanto, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares) : traballo das terras e coidado dos animais. No relativo ás empresas radicadas no Concello, un 49% corresponden ao sector servizos, 39% á construción e o 12% restante á pequena industria, xa que ningunha supera os 20 traballadores (IGE 2012).

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a

biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ao Nadal, o Entroido, o Día das Letras Galegas, etc. Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática, etc.

Tamén cabe sinalar a presenza de gran número de asociacións e agrupacións socioculturais, como por exemplo a que leva por nome “Xuventude de Cruído”, encargada principalmente da organización de festas gastronómicas e de verbenas.

O alumnado provén na súa maioría do propio Concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia. Este curso apréciase un descenso dos oriúndos deste último concello; o motivo: o incremento das taxas de acceso ao servizo de comedor.

Ao redor do 75% do alumnado de 2º E.P. utiliza o galego como a súa lingua vehicular.

En xeral, no que se refire ao alumnado de segundo curso, temos que dicir que están iniciándose na adquisición de hábitos de estudo, posto que o curso pasado debido á situación do estado de alarma, os nenos non asistiron presencialmente ás aulas no derradeiro trimestre e isto está a notarse moito a nivel de hábitos, autonomía e madurez. Os mestres insistimos ante as familias que o esforzo e a motivación cara o estudo non só depende do profesorado, senón tamén das familias, posto que é preciso remar desde ámbolos dous ámbitos na mesma dirección.

A grande maioría do noso alumnado pertence a familias estruturadas. Noutros casos de aparentes carencias socioeconómicas e/ou desatención familiar, necesitaríase revisar o protocolo de detección e intervención para estes casos, coa finalidade que os servizos educativos e sociais do Concello xunto co centro educativo poidan guiar o proceso vital e académico deste alumnado.

#### **1.4 Características do centro.**

O edificio con planta baixa e 1º andar consta de dúas partes. A máis antiga foi construída no ano 1974 e nela están as aulas de primaria, de secundaria e o comedor

escolar. Na outra parte, construída no ano 1999, están as dependencias administrativas, a sala de profesores, o ximnasio, as aulas específicas, aula de usos múltiples e a biblioteca.

O centro ten ramplas de acceso, tanto no exterior coma no interior, e un ascensor, polo que non existen barreiras arquitectónicas.

Un edificio anexo, practicamente integrado no principal, xa que está a só 5 metros, alberga as aulas de infantil, a de apoio a alumnos de primaria con dificultades e a de audición e linguaxe. No baixo do edificio hai un almacén, unha aula que se utiliza para charlas, visionado de películas.... e un espazo pavimentado sen definir.

A carón dos edificios hai unha pista de tenis, un patio de randeiras e xogos infantís, un areeiro, dous patios de xogos con porterías de fútbol-sala e canastras de baloncesto e unha pista de balonvolea. Conta tamén cuns terreos anexos, onde se sitúa o horto escolar e o “bosque dos nenos”.

Tamén hai dous patios cubertos que se utilizan principalmente os días de choiva.

O recinto escolar (edificios, patios e pistas deportivas) está totalmente pechado cun aramado. O acceso está protexido por un portón automático con vídeo-porteiro para a entrada de vehículos e un portal peonil, tamén automatizado. Nas dependencias administrativas hai un monitor para o control do perímetro dos edificios, vixiado por 7 cámaras.

### **1.5 Profesorado adscrito a 2º curso de educación primaria.**

- Dna. Isaura García Rial, titora de 2º (Mestra definitiva).

#### **➤ Profesorado especialista que imparte**

- Dna. Ana Seoane Salgado, (Mestra especialista de Educación Música).
- Dna. Balbina Louro García (Mestra de Relixión).
- Dna. Cristina Sanvicente Romero (Mestre de Educación Física).

- Dna. Almudena Blanco Areas (Mestra de Inglés).
- Vanesa Caamaño ( Mestra de plástica en ingles )

➤ **Profesorado especialista en N.E.A.E.**

- Dna. Carmen M<sup>a</sup> SiabaGonzález (Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica).
- Dna. Susana Seoane Lameiro (Mestra especialista de Audición e Linguaxe).

### 1.6 Alumnado de segundo curso.

O alumnado do 2º curso de educación primaria en idades comprendidas entre os 6,7 e 8 anos de idade.

NIVEL	GRUPO	Nº DE ALUMNOS
2º	A	21

➤ **Características psicológicas.**

Nesta idade, o alumnado atópase, segundo Piaget, inmerso no período de Operacións Concretas, no que os procesos de razoamento vólvense lóxico poden aplicarse a problemas concretos e reais. Nesta etapa aparecen os esquemas lóxicos de seriación, ordenamento mental de conxuntos e clasificación dos conceptos de causalidade, espazo, tempo e velocidade.

Os nenos e nenas convértese agora en seres verdadeiramente sociais, e comezan a



aparecer os grupos de amigos, a pesar da situación que nos toca vivir este ano coa realidade tan diferentea que estamos acostumados por mor ao COVID- 19. Os grupos estables de convivencia, a distancia social, a pouca mobilidade non favorecen a fomentar eses grupos de amigos.

➤ **Características pedagógicas.**

O curso está formado por alumnado moi diverso, con marcados diferentes ritmos de aprendizaxe.

O alumnado con maiores dificultades contará coa axuda das especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, asimesmo dentro da dispoñibilidade do centro tamén poderán contar nalgunha sesión cunha profesora de reforzo nas linguas.

## **2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA, PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/ OU NON PRESENCIAL.**

### **2.1 Actividade lectiva presencial.**

- A actividade lectiva presencial levarase a cabo na aula, seguindo o libro de texto con actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.
- Previndo que nalgún momento, parte da clase ou a súa totalidade, teñamos que volver a gardar corentena, os rapaces coñecerán o funcionamento da aula virtual. Para elo levarémolos a aula de informática na cal aprenderán a acceder á mesma, visualizar os contidos das distintas áreas e realizar tarefas e probas.
- Con fin de que collan soltura no seu funcionamento, semanalmente deberán ir realizando algún tipo de actividade nela, nas distintas materias. Así poderemos ver se van aparecendo problemas, se precisan axuda con algunha actividade, se non quedou suficientemente claro o seu funcionamento... e axudarlles para solucionarllo.

## 2.2 Actividade lectiva non presencial.

- En caso de actividade lectiva non presencial por mor dunha corentena (de toda ou parte da clase), levarase a cabo a partir da aula virtual aloxada na páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicernadascastro>.
- Realizarase o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial, tense previsto o emprego de:
  - Aula virtual do centro como soporte para a impartición de contidos.
  - A plataforma Webex para levar a cabo videochamadas.
  - A aplicación Abalar Móbil como ferramenta de comunicación coas familias.
  - O correo electrónico no dominio propio do centro @cernadascastro.com
  - A páxina web do centro como medio de comunicación coas familias e o alumnado.

Tamén usaremos os libros dixitais das editoriais que cada neno descargou dende principio de curso.

As familias nas comunicacións e información de principio de curso informouse das canles de comunicación do centro en caso de confinamento e/ou corentena.

**3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>	2º-CNB2.1.1 - Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
	2º-CNB3.1.1 - Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
	2º-CNB3.1.2 - Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
	2º-CNB4.1.1 - Valora e aplica usos responsables da auga na escola.
<b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)</b>	2º-CNB2.1.1 - Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
	2º-CNB2.1.2 - Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
	2º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
	2º-CNB4.1.1 - Valora e aplica usos responsables da auga na escola.
	2º-CNB4.1.2 - Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
	2º-CNB5.1.1 - Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
	2º-CNB5.1.2 - Coñece os oficios das persoas do seu contorno e

	valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
	2º-CNB5.1.3 - Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.
<b>DIXITAL (CD)</b>	2º-CNB5.2.1-Identifica e describeas partes dun ordenador durante o seu curso.
	2º-CNB5.2.2- Emprega o ordenador de forma guiada e fai un uso.
<b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b>	2º-CNB1.1.1 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
	2º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
	2º-CNB2.2.1 - Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
	2º-CNB4.2.1 - Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.
	2º-CNB4.2.2 - Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
<b>SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>	2º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
	2º-CNB5.1.2 - Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
	. 2º-CNB5.1.3 - Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE)</b>	2º-CNB4.1.2 - Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola
	2º-CNB4.2.1 - Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da

	aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.
	2º-CSB2.1.1 - Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
	2º-CSB2.3.1 - Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
	2º-CSB2.5.2 - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
	2º-CSB2.6.1 - Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.
	2º-CSB2.7.1 - Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
	2º-CSB3.1.1 - Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
	2º-CSB3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore, propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
	2º-CSB3.6.1 - Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.

	2º-CSB3.7.1 - Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
	2º-CSB3.8.1 - Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
	2º-CSB4.1.1 - Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
<b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA  (CMCT)</b>	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.
	2º-CSB2.1.1 - Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
	2º-CSB2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio
	2º-CSB2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
	2º-CSB2.5.1 - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
	2º-CSB2.5.2 - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
	2º-CSB2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.
	2º-CSB4.1.1 - Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
	2º-CSB4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.

	2º-CSB4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
<b>DIXITAL (CD)</b>	2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
<b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b>	2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades
	2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
	2º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.
	2º-CSB2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
	2º-CSB2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.
	2º-CSB3.7.2 - Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
	2º-CSB3.8.1 - Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
	2º-CSB4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.

<b>SOCIAL E CÍVICA</b>  <b>(CSC)</b>	<p>2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades</p>
	<p>2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>
	<p>2º-CSB2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</p>
	<p>2º-CSB3.4.1 - Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.</p>
	<p>2º-CSB3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.</p>
	<p>2º-CSB3.8.2 - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos</p>
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E</b> <b>ESPÍRITO</b> <b>EMPRENDEDOR</b>  <b>(CSIEE)</b>	<p>2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>
	<p>2º-CSB2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.</p>
<b>CONCIENCIA E</b> <b>EXPRESIÓNS</b> <b>CULTURAIS</b>  <b>(CCEC)</b>	<p>2º-CSB3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore, propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.</p>
	<p>2º-CSB4.4.1 - Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.</p>
	<p>2º-CSB4.5.2 - Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como</p>



	espazos de gozo e ocio.
<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA  (CCL)</b>	2º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
	2º-LCB2.6.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros
	2º-LCB3.1.2 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc
	2º-LCB4.1.1 - Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.
	2º-LCB4.1.2 - Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.
	2º-LCB4.2.1 - Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.
	2º-LCB4.2.2 - Forma palabras compostas a partir de palabras simples.
	2º-LCB4.2.3 - Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.
	2º-LCB4.3.1 - Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.
	2º-LCB4.4.1 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
	2º-LCB4.4.2 - Utiliza signos de puntuación nas súas composicións

	<p>escritas.</p> <p>2º-LCB4.4.3 - Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</p> <p>2º-LCB5.5.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.</p>
<p><b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)</b></p>	<p>NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.</p>
<p><b>DIXITAL (CD)</b></p>	<p>2º-LCB1.6.1 - Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.</p> <p>2º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.</p> <p>2º-LCB3.4.2 - Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.</p> <p>2º-LCB3.6.1 - Usa, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.</p>
<p><b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b></p>	<p>2º-LCB1.5.1 - Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.</p> <p>2º-LCB1.6.1 - Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.</p> <p>2º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses</p> <p>2º-LCB1.9.1 - Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas.</p> <p>2º-LCB1.11.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para</p>

	comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
	2º-LCB2.2.1 - Identifica o tema dun texto sinxelo.
	2º-LCB2.2.2 - Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
	2º-LCB2.3.3 - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
	2º-LCB2.8.1 - Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.
	2º-LCB3.1.2 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.
	2º-LCB5.2.2 - Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)
	2º-LCB5.2.2 - Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).
	2º-LCB5.5.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
<b>SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>	2º-LCB1.1.1 - Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
	2º-LCB1.1.2 - Aplica as normas socio-comunicativas: escoita, espera de quendas.
	2º-LCB1.10.1 - Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
	2º-LCB3.2.1 - Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.

	2º-LCB5.8.1 - Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR  (CSIEE)</b>	2º-LCB1.3.1 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
	2º-LCB1.9.2 - Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.
	2º-LCB5.5.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS  (CCEC)</b>	2º-LCB1.7.1 - Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
	2º-LCB5.1.1 - Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas
	2º-LCB5.2.1 - Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
<b>LINGUA GALEGA</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA  (CCL)</b>	2º-LGB3.1.2 - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	2º-LGB3.1.3 - Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación
	2º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas

	2º-LGB3.1.5 - Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.
	2º-LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
	2º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
	2º-LGB4.1.3 - Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
	2º-LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas
	2º-LGB4.2.1 - Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
	2º-LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.
	2º-LGB4.3.2 - Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
	2º-LGB5.2.1 - Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
<b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA  (CMCT)</b>	2º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
	2º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
	2º-LGB3.3.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.

	2º-LGB3.4.1 - Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
<b>DIXITAL (CD)</b>	2º-LGB3.3.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
<b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b>	2º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.
	2º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
	2º-LGB1.6.1 - Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
	2º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
	2º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
	2º-LGB3.1.2 - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo
	2º-LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
	2º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra
<b>SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>	2º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.
	2º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	2º-LGB1.9.1 - Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.

	2º-LGB1.9.2 - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
	2º-LGB2.5.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros.
	2º-LGB2.6.1 - Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
	2º-LGB5.5.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR  (CSIEE)</b>	2º-LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
	2º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
	2º-LGB3.1.2 - Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	2º-LGB3.1.5 - Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.
	2º-LGB3.3.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS  (CCEC)</b>	2º-LGB1.10.2 - Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
	2º-LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
	2º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
	2º-LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e

	entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
	2º-LGB3.1.4 - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
	2º-LGB4.2.1 - Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
	2º-LGB5.2.1 - Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora
	2º-LGB5.5.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.
	2º-LGB5.6.1 - Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.
	2º-LGB5.6.1 - Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.
<b>MATEMÁTICAS</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>	2º-MTB1.1.1 - Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
	2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.
	2º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.



**MATEMÁTICA E  
COMPETENCIAS  
BÁSICAS EN CIENCIA E  
TECNOLOXÍA  
(CMCT)**

2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.
2º-MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
2º-MTB2.2.4 - Identifica os números pares e os impares.
2º-MTB2.3.1 - . Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
2º-MTB3.1.1 - Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
2º-MTB3.2.1 - Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
2º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade
2º-MTB3.4.1 - Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)
2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
2º-MTB4.4.1 - Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.
2º-MTB5.1.2 - Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.

	2º-MTB5.2.1 - Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.
<b>DIXITAL (CD)</b>	-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
	-MTB1.3.1 - Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.
	2º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
	MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
	2º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.
	2º-MTB2.3.1 - . Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
	2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
	2º-MTB2.3.3 - Resolve operacións con cálculo mental.
	2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
<b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b>	2º-MTB2.4.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
	2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
<b>SOCIAL E CÍVICA</b>	2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto

<b>(CSC)</b>	para resolver problemas en situación reais como figuradas.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR  (CSIEE)</b>	2º-MTB2.4.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
	2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.
	2º-MTB4.5.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS  (CCEC)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>EDUCACIÓN EN VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA  (CCL)</b>	2º-VSCB1.5.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.
	2º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade sentimentos e emocións.
	2º-VSCB2.2.1 - Emprega a linguaxe positiva.
	2º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas da aula.

	2º-VSCB3.3.3 - Participa na elaboración das normas da aula
<b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA  (CMCT)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>DIXITAL  (CD)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>APRENDER A APRENDER  (CAA)</b>	2º-VSCB1.2.2 - Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.
	2º-VSCB1.3.2 - Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas
	2º-VSCB2.1.2 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións
	2º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
<b>SOCIAL E CÍVICA  (CSC)</b>	2º-VSCB1.3.1 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
	2º-VSCB1.4.1 - Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.
	2º-VSCB1.4.2 - Toma iniciativas de actuación durante a

	colaboración.
	2º-VSCB1.5.1 - Participa con interese na resolución de problemas escolares.
	2º-VSCB3.3.3 - Participa na elaboración das normas da aula
	2º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR  (CSIEE)</b>	2º-VSCB1.2.1 - Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.
	2º-VSCB 1.2.3 Dramatiza diferentes estados de ánimo.
	2º-VSCB 2.3.4 Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.
	2º-VSCB 2.3.4 Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.
	2º-VSCB3.7.1 - Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI  (CCEC)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA</b>	
<b>COMPETENCIA CLAVE</b>	<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE</b>
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	2º-EPB 1.1.1 Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.

<b>(CCL)</b>	2º-EPB1.2.1 - Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.
	2º-EPB 1.2.2 Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e dos seus creadores presentes no contexto.
	2º-EPB1.3.1 - Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades.
<b>MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA  (CMCT)</b>	2º-EPB 2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
<b>DIXITAL  (CD)</b>	2º-EPB2.6.2 - Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.
<b>APRENDER A APRENDER  (CAA)</b>	2º-EPB1.5.1 - Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
	2º-EPB2.1.1- Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.
	2º-EPB 2.1.2 emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.
	2º-EPB 2.1.3- Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.
	2º-EPB 2.1.4 – Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.
	2º-EPB 2.3.1 – Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.
<b>SOCIAL E CÍVICA  (CSC)</b>	2º-EPB 2.2.2 – Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
	2º-EPB 2.7.1 – Coida o material e respecta as normas

	preestablecidas.
	2º-EPB 2.8.1 – Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR  (CSIEE)</b>	NON HAI ESTÁNDARES ASOCIADOS A ESTA COMPETENCIA NO CURRÍCULUM DE 2º.
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS  (CCEC)</b>	2º-EPB1.3.2 - Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
	2º-EPB1.4.1 - Identifica diferentes formas de representación do espazo.
	2º-EPB2.2.1 - Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.
	2º-EPB2.3.2 - Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.
	2º-EPB2.4.1 - Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.
	2º-EPB2.4.3 - Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.
	2º-EPB2.5.1 - Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

CIENCIAS DA NATUREZA							
Obx	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
b,e,h,i,j	<p>B1.1. Iniciación á actividade científica.</p> <p>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.</p> <p>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.</p> <p>B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis,</p>	<p>B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar resultados en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	CAA, CMCCT, CSIEE	<p>Iniciase na actividade científica a través de diferentes proxectos.</p>	<p>Observación directa.</p>	T1, T2, T3.



	esquemas ou presentacións para recoller conclusións.						
a,b,c,m	<p>B1.5. O traballo cooperativo. B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.</p> <p>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p>	B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CAA , CMCCT, CSC, CSIEE	Traballa de forma cooperativa.	Observación directa.	T1, T2, T3.
• c	• B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en unha oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	CSC, CSIEE	Participa activamente na vida cívica.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa. Rexistro anecdótico.	T1, T2, T3
		B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e	VSCB3.4.2. Escoita as razón das persoas coas	CCL, CSIEE, CSC	Participa activamente na vida cívica.	Intercambios orais co alumno/a. Observación	T1, T2, T3

		democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.			directa. Registro anecdótico.	
		B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	CSC, CSIEE	Participa activamente na vida cívica.	Intercambios orais naco alumno/a. Observación directa. Registro anecdótico.	T1, T2, T3
		B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en	VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta	CSC, CCL	Participa activamente na vida cívica.	Intercambios orais naco alumno/a. Observación directa. Registro	T1, T2, T3

		oportunidade e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	os sentimentos básicos das partes.			anecdótico.	
• a	• B3.7. Os dereitos e deberes. A declaración dos Dereitos do Neno: alimentación, vivenda e xogo. Igualdade de dereitos dos nenos e nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	CSC, CCAC	Analiza a vida persoal e a necesidade de preservar os dereitos á alimentación.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa. Revisión dos traballos dos nenos/as.	T1, T2, T3
		B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade	CSC, CL, CSIEE	Analiza a vida persoal e a necesidade de preservar os dereitos á alimentación.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa.	T1, T2, T3



			de xogar.				
		B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	CSC	Analiza a vida persoal e a necesidade de preservar os dereitos á alimentación.	Observación directa. Rexistro anecdótico.	T1, T2, T3
• d • m	• B3.8. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.	B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade e entre homes e mulleres.	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	CSC, CCL	Participa activamente na vida cívica.	Observación directa. Rexistro anecdótico.	T1, T2, T3
			VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independente mente do seu sexo.	CSC, CSIEE	Participa activamente na vida cívica.	Observación directa. Rexistro anecdótico.	T1, T2, T3

<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.9. Hábitos de prevención de enfermedades e accidentes no ámbito escolar e doméstico.</li> <li>• B3.10. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade.</li> </ul>	<p>B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de prever accidentes domésticos.</p>	<p>VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de prever accidentes domésticos.</p>	CSIEE	Toma medidas preventivas para evitar accidentes domésticos.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa.	T1, T2, T3
			<p>VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.</p>	CCL, CSIEE	Toma medidas preventivas para evitar accidentes domésticos.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa. Registro anecdótico.	T1, T2, T3
			<p>VSCB3.7.3.Ex presa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.</p>	CCL, CSC	Toma medidas preventivas para evitar accidentes domésticos.	Intercambios orais co alumno/a. Observación directa.	T1, T2, T3

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ó alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos e poder usalos e aplicalos a situacións e contextos variados. Tendo en conta os estándares da nova lei reflexados nas táboas anteriores.

Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
- Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.
- Partindo desto levaranse a cabo as seguintes estratexias metodolóxicas:
  - Desenvolvemento en espiral e globalización.
  - Metodoloxía activa que potencie a construción de aprendizaxes significativas.
  - Atender á diversidade do alumnado.

Participación activa e dinámica dos alumnos. A adquisición da competencia en comunicación lingüística na Etapa de Educación primaria céntrase no uso social da lingua en diferentes contextos: privado, público, familiar e escolar. Arredor deste fío conductor articúlanse os contidos en diferentes bloques.

Escoitar e falar, comezan ca escoita do texto narrativo. A lectura complétase co traballo de comprensión lectora (antes e despois de ler). Ademais das preguntas directas

sobre o texto, plantéxanse actividades de valoración do texto, encamiñadas a que os alumnos desenrolen as destrezas orais necesarias nun contexto escolar.

Como repaso dos coñecementos adquiridos no primeiro curso, algúns contidos céntranse na lectoescritura, en asociación o son e graffía. A educación Literaria agrupa os contidos relacionados ca lectura e interpretación de textos literarios. Ofrécense diferentes textos poéticos con ritmo y rima, tendo en conta as graffías que xa poden ler os alumnos.

Estes textos favorecen unha experiencia placenteira ca lectura e axudan a crear o hábito lector.

As matemáticas na Educación Primaria concíbense como un conxunto de saberes que permiten obter información numérica e xeométrica do contorno para analizar situacións e obter conclusións que non estaban explícitas.

Partirase da propia experiencia dos alumnos/as, por iso débese comezar por situacións reais e próximas ó neno. Este debe ser un principio permanente en tódalas unidades.

A aprendizaxe producirase a través da interacción cos alumnos/as en diversos tipos de agrupamentos dependendo da actividade a realizar (individuais, en parella, en grupo...) Estimularase a participación nas actividades e evitarase todo tipo de discriminación

e isto servirá para estimular a súa autoestima e fomentarse a aprendizaxe colaborativa.

Adecuaranse as aprendizaxes ás posibilidades de cada neno/a e ao seu ritmo madurativo. As actividades de motivación servirán para descubrirlos coñecementos e experiencias previas. As actividades de reforzo e ampliación axustarán o proceso ás necesidades dos distintos alumnos. A adquisición da competencia cultural e artística na Educación Primaria céntrase no achegamento e aprecio de diferentes manifestación culturais e artísticas para utilizalas como fonte de enriquecemento persoal, e no espertar da sensibilidade cara a estas como parte da cultura universal.

En caso necesario faranse actividades de reforzo con contidos básicos para aqueles nenos que o necesiten e tamén se plantexarán actividades de ampliación para os nenos que destacan. Ben, a través de tarefas para a casa o na aula.

Seguindo a línea do ano pasado participaremos no contrato programa na mesma dirección (excelencia educativa , continuaremos coas matemáticas, pero tamen nas

linguas).

## **6. MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.**

Os recursos empregados na aula para as diferentes áreas serán: os libros de texto (Matemáticas-editorial -SM, Lingua galega-SM e Lengua castellana- SM, ICiencias da Natureza e Ciencias Sociais- Edelvives) coas guías correspondentes, diferentes contos da biblioteca de aula ,fichas de ampliación das distintas áreas,fichas de reforzo nos casos necesarios, material audiovisual (C.D,vídeo,D.V.D e a propia aula virtual do centro.). Tamén está programada algunha sesión na aula de informática e a asistencia á biblioteca do centrose a situación do COVID -19 nos permite movernos polo centro.

A aula de segundo dispón dun encerado dixital e un canón para poder realizar distintas actividades , fomentando o uso das TIC, incluíndo aquí o uso da aula virtual.

Outros materiais de aula son :

-Cadernos de fichas de ortografía, de cálculo e de problemas.

-Libros de lectura persoais dos alumnos.

-Libros da biblioteca da aula.

-Libros da biblioteca do centro.

-Fichas elaboradas polas profesoras.

-Diccionarios.

-Xornais.

-Revistas.

-Vídeos, CDs, DVDs

-Enciclopedias.

-Ordenador da aula.

-Programas educativos interactivos

-Ademais destes, os recursos que se empregarán serán traballos manuais feitos na aula co fin de aprender creando.

-Moedas e billetes de xoguete.

-Cartolinas, tesoiras e rotuladores.

-Xogos da aula.

-Reloxo da aula.

-Regra.

-Plastilina.

-Calendarios

## **7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Para a avaliación xeral das áreas por trimestre teranse en conta os seguintes puntos coa porcentaxe indicada:

- Probas obxectivas: 30%
- Traballo diario (cadernos, exercicios de reforzo e ampliación, lecturas, traballos específicos de ampliación...): 50%
- Participación: 10%
- Comportamiento :10%

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Igualmente hai que establecer instrumentos que permitan valorar a eficacia da propia proposta pedagóxica.

Para aplicar a avaliación faremos una revisión trimestral dos seguintes elementos curriculares que necesitaremos comprobar:

- Obxectivos
- Contidos
- Metodoloxía
- Actividades ou proxectos que se realicen no centro.
- Criterios de avaliación.
- O contexto do centro: se todo o anterior se corresponde ao contexto do centro e este se modifica, terán que modificarse tamén os seus elementos anteriores.

Para avaliar tanto o proceso de ensino como a práctica docente, seguirase unha lista de control na cal se contemplarán os seguintes parámetros:

<b>Lista de control ou autoavaliación do profesorado</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>	<b>Ás veces</b>
Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades segundo o previsto?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acorde cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			

Solucionáronse?			
Damos información ao longo de todo o proceso de E-A?			
Foi suficiente e eficaz?			
Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias específicas?			
Tívoase a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

## 9. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Tendo en conta os procedementos e os instrumentos de avaliación: Observación directa, probas escritas, rexistros sistemáticos e rexistros anecdóticos, partiremos para cada alumno dun rexistro individual para cada unha das áreas a través dunhas probas escritas sen deixar de lado os outros instrumentos.



	SI	NO
ESCRIBE NOME E APELIDOS		
ESCRIBE PALABRAS DICTADAS		
SABE LEER PALABRAS		
COÑECE OS NÚMEROS ATA O 99		
RESOLVE PROBLEMAS SINXELOS DUNHA OPERACIÓN		
SUMA SEN LEVADA		
SUMA CON LEVADA		
RESTA SEN LEVADA		
AGARRA BEN O LAPIS		
DEBUXA O CORPO HUMANO COMPLETO		
COLOREA POR DENTRO		
LATERALIDAD	zurdo	destro

Así mesmo revisaremos os informes para ter en conta a información que alí reflexa e fixarémonos nos seguintes puntos:

<b>DESENVOLVIMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>
<b>INFORMES PREVIOS</b>
<b>MEDIO SOCIOCULTURAL</b>
<b>OUTRAS INFORMACIÓN</b>

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.

Entenderase a atención á diversidade como un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás necesidades educativas que delas se desprenden, as necesidades derivadas de problemas de adaptación socioeconómica, alumnado de altas capacidades, alumnado procedente do estranxeiro, alumnado con dificultades emocionais, alumnado con nee... que se poidan presentar ao longo do curso.

A primeira medida de atención á diversidade será o reforzo educativo na aula impartido polo propio mestre, adaptando os recursos e a metodoloxías ás características dos alumnos e alumnas e ás súas necesidades, que serán avaliadas de xeito individualizado. Se estas medidas ordinarias non foran suficientes, pediríase a través do departamento de orientación a intervención dos mestres especialistas en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, así como as valoracións pertinentes, como corresponde co Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

As medidas ordinarias que se tomarán como atención á diversidade son:

- Medidas de organización da aula que se consideren máis oportunas, como potenciar o traballo en grupos, heteroxéneos en capacidades e intereses ou a titoría entre iguais.
- Reforzo por parte doutros mestres.
- Adaptación da secuenciación e ritmo dos contidos a traballar:
  - Axuste dos tempos das actividades.
  - Adaptacións dos recursos
  - Atención individualizada.
  - Organización dos espazos e materiais.
  - Actividades de reforzo de contidos.
  - Actividades de ampliación de contidos.

Dentro da atención á diversidade contemplamos:

- A programación de aula do 2º nivel que incluíra as actividades de recuperación e os reforzos para acadar dita recuperación.
- O tutor ou titora efectuará un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades co obxecto de buscar respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios (departamento de orientación, xefatura de estudos, comisión de coordinación pedagóxica...). Dito seguimento reflectirase no anecdotario de cada alumno, de maneira excepcional en casos destacados.

Tanto dende a aula como dende o centro teremos que:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Para elo teremos en conta as seguintes **estratexias**:

- Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- Realizar as medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, adaptacións curriculares significativas e grupos flexibles) necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

Para conseguir isto teremos en conta os seguintes **recursos**:

- Fichas de reforzo e ampliación de cada unidade.
- Fichas de comprensión lectora.

No marco dun ensino comprensivo preténdese como dixemos con anterioridade, unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar e dea resposta ás diversas necesidades educativas mediante as adaptacións ós diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Nas aulas de segundo de primaria contamos con algún casos que son preciso integrar na programación deste ano posto que afectarán a marca do ensino aprendizaxe.

Na aula de 2º presentase con dúas alumnas que non flexibilizaron o ano pasado precisarán atención específica de P.T. e A.L.

En dita clase faremos especial mención a dous casos de rotacismo e 3 de ceceo, un nenos con problemas con dicción difusa, outro co mesmo caso e pídesse reforzó dentro e fóra da aula para reforzar a lectro escritura.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O 2º curso de educación primaria ten previsto participar en todas actividades propostas polo centro, polo equipo de normalización lingüística, pola biblioteca, polo equipo de actividades extraescolares así coma polos diferentes departamentos.

Tamén se terán en conta as propostas do concello de Lousame e outros organismos, valorando se se participa nelas ou non.

No mes de outubro farase una reunión de nivel para concretar a proposta de saídas que se farán neste curso:

### **Actividade nº 1: ANDAINA DE FIN DE CURSO.**

OBXECTIVOS:

- Promover a convivencia.
- Coñecer a realidade da súa contorna.

TEMPORALIZACIÓN: xuño .

LUGAR DE REALIZACIÓN: Desde Toxosoutos ata Cabanacán (Lousame)

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: pendentes do custo de autobús. Se este non supuxera

custo ningún, a actividade sería gratuíta.

ALUMNADO PARTICIPANTE: Alumnado de 2º de Primaria.

RESPONSABLES:

Isaura García Rial, mestra de 2º. Logo solicitaremos persoal de apoio.

### **Actividade nº 2: SAÍDA A SANTIAGO)**

OBXECTIVOS:

- Promover a convivencia.
- Poñer en práctica o proxecto Da máquina do tempo de xeito anual.

TEMPORALIZACIÓN: Un día do mes de febreiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: A actividade pagarana os pais.

ALUMNADO PARTICIPANTE: Alumnado de 2º de Primaria.

RESPONSABLES:

Isaura García Rial, mestra de 2º. Logo solicitaremos persoal de apoio.

### **Actividade nº 4: SAÍDA AO CINE ( SANTIAGO)**

OBXECTIVOS:

- Promover a convivencia.
- Acudir a un estreno dunha película infantil

TEMPORALIZACIÓN: Última semana de decembro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Santiago.

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: A cargo dos pais.

ALUMNADO PARTICIPANTE: Alumnado de 2º de Primaria.

RESPONSABLES: Isaura García Rial, mestra de 2º. Logo solicitaremos persoal de apoio ( outros profesores que impartan clase no ciclo).

### **Actividade nº5: ASISTENCIA A ACTIVIDADES DIDÁCTICAS PROPOSTAS POLO CONCELLO DE LOUSAME.**

OBXECTIVOS: Gozar de actividades lúdicas con fins educativos.

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Concello de Lousame.

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: Por determinar.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 2º de Educación Primaria.

RESPONSABLES: Isaura García Rial mestra de 2º. Logo solicitaremos persoal de apoio (outros profesores que impartan clase no ciclo).

**Actividade nº6: PARTICIPACIÓN NAS CONMEMORACIÓNS DAS CELEBRACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SEGUNDO A ORDE DO 25 DE XUÑO DO 2020OU PROPOSTAS POLO EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O EQUIPO DE BIBLIOTECA.**

OBXECTIVOS: Darse conta de feitos, valores ou personaxes que ensalzan ditas datas.

TEMPORALIZACIÓN: Ao longo do curso.

LUGAR DE REALIZACIÓN: O propio centro.

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: Non ten.

ALUMNADO PARTICIPANTE:2º de Educación Primaria.

RESPONSABLES: Isaura García Rial, mestra de 2º.Logo solicitaremos persoal de apoio (outros profesores que impartan clase no ciclo).

Períodos de vacacións:

1. Nadal: desde o día 23 de decembro de 2020 ata o día 7 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.
2. Entroido: días 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.
3. Semana Santa: desde o día 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021, ambos inclusive.

Conmemoracións 1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación. – 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde. – Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana

do Libro. – 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

– 9 de maio de 2022: Día de Europa.

– Do 10 ao 14 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas. – 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente

Para levar a cabo todas as actividades propostas teránse en conta todas as medidas de prevención establecidas no protocolo de actuación fronte ao estado de alarma sanitario orixinado polo COVID-19. Sempre e cando a situación o permita, senón serán anuladas.

## 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A avaliación da propia programación axúdanos a obter información para realizar modificacións dos aspectos recollidos nela como as actividades propostas, a metodoloxía, a temporalización, as agrupacións do alumnado... co fin de favorecer unha evolución favorable dos/as alumnos/as.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase, nel detállase o avance e progresión nas distintas áreas da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións.

Ao finalizar do curso elaboraremos a memoria final na que se recollerán todas as modificacións levadas a cabo durante o curso.

Utilizaremos os seguintes instrumentos para avaliar a propia programación e a práctica docentes:

<b>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Comprobamos a coherencia entre obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e avaliación.		
Xurdiu algún problema que non se previu?		

Resultou axeitado o material empregado?		
Espertou o interese dos alumnos?		
Utilizáronse actividades axeitadas?		
As actividades espertaron o interese dos alumnos?		
A maior parte dos alumnos aprenderon o previsto de acordo aos obxectivos?		
<b>OBSERVACIÓNS</b>		
Como se resolveron os problemas que xurdiron?		
Que actividades causaron problemas?		
Que actividades conviría cambiar ou suprimir?		

### 13. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Coa nova lei educativa, a L.O.M.C.E., o que a L.O.E denominaba Educación en valores pasan a chamarse Elementos transversais.

Os Elementos transversais non aparecen asociados a ningunha materia nin área concreta de coñecemento, senón a todas. Deste xeito, son contidos que deben desenvolverse dentro das áreas curriculares. Ademais, son contidos relativos



principalmente a valores e actitudes pretendendo que o alumnado sexa capaz de elaborar os seus xuízos críticos ante os posibles problemas. Por tanto, debido á súa importancia, algúns deles serán traballados neste nivel e así o plasmaremos nesta programación.

Os valores que se tratarán interdisciplinarmente ao longo do curso serán os seguintes:

- Educación Moral e Cívica: dende a propia práctica educativa, axudarase a promover actitudes de tolerancia e respecto a través de actividades que fomenten a reflexión e a diversidade de puntos de vista entre o alumnado. Do mesmo xeito, o feito de levar a cabo unha metodoloxía onde se desenvolva non só a persoa

- A nivel individual senón en relación co grupo-clase, da lugar a que se xeren actitudes de colaboración e coordinación nesas pequenas comunidades de aprendizaxe.

- Educación para a Paz: preténdese que o alumnado adquira actitudes que favorezan a resolución pacífica de conflitos entre o mesmo e tamén cara a realidade social. De igual modo, como acontecemento significativo, traballarase o Día da Paz co alumnado, sen que isto supoña o tratamento exclusivo destes contidos neste día, senón que será no día a día da clase, é dicir, na convivencia entre o alumnado onde se adquiran ditos valores e actitudes.

Educación para a saúde e a calidade de vida: dende a práctica educativa, búscase que o alumnado sexa consciente da necesidade do coidado da súa saúde, o que levará unha determinada calidade de vida. Así, a través dos contidos tratados a través de diversas unidades didácticas como os deportes, o corpo humanos, os sentidos... traballarase os hábitos de vida saudables e os coidados do corpo humano.

Educación para a Igualdade de Oportunidades entre sexos: no desenvolvemento da programación procurarase o non tratamento diferenciado entre os alumnos e as alumnas á hora de deseñar as actividades. De igual modo, pretenderase que o alumnado adquira actitudes e valores de non discriminación por razón de sexos, e a necesidade de igualdade no tratamento de determinados aspectos e contidos. Así, por exemplo, respecto á Unidade didáctica 5, que trata a familia, non se establecerán diferenzas na realización das tarefas domésticas segundo o sexo da persoa.

Educación para o Ocio: búscase que o alumnado saiba desenvolver a capacidade de

aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.

Educación Ambiental: durante o desenvolvemento da programación traballarase aspectos relacionados co contorno e o coidado do mesmo, potenciando no alumnado o respecto pola natureza. Ademais, afondarase en conceptos como a contaminación, a reciclaxe,... e os procedementos e actitudes que se necesitan para afrontar responsabilidades cara o coidado medio ambiente.

Educación Sexual: preténdese que o alumnado coñeza e aprecie os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade, así como os papeis sexuais femininos e masculinos no exercicio da sexualidade como unha actividade de plena comunicación entre as persoas.

Educación Viaria: directamente relacionada con este contido transversal por tratar a seguridade viaria (sinais de tráfico e normas de circulación para os peóns)

Educación para o Consumidor: dende a práctica docente procurase que o alumnado adquira a capacidade de emitir xuízos críticos sobre a información que pode atopar non só nos medios de comunicación (televisión, radio, internet...) se non tamén aquela que se expón dende a realidade máis próxima.

Educación para a convivencia con nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe ou trastornos, a finalidade é que os compañeiros e compañeiras coñezan as dificultades con que se enfrenta diariamente estes nenos e nenas e así poder comprender, axudar e colaborar.

Dende as propias áreas, débese fomentar ditos valores, de aí a idea fundamental de interdisciplinabilidade que se debe dar da relación entre tódalas áreas e materias curriculares. Polo tanto, con dita interdisciplinabilidade preténdese que o alumnado non cree na súa mente compartimentos estancos, senón que saiba relacionar o traballado nas diferentes materias e atope unha aplicación das aprendizaxes alcanzadas na vida diaria.

Para contribuir ao Plan de Convivencia do centro teremos en conta a importancia de potenciar a convivencia na escola, realizando un traballo sistemático, tanto nas horas de titoría como en calquera momento que a situación o precise. As actividades que se leven a cabo estarán en coordinación coa Comisión de Convivencia do centro:

Sesións de titoría de cada aula.

Actividades relacionadas coas conmemoracións que hai ao longo do ano, dereitos,

deberes e lexislación (calendario escolar).

Visitas a lugares relacionados co mercado na lexislación, posta en práctica ou execución de normativas, vixilancia... así como a preparación das mesmas.

Aportar as pautas a seguir na resolución de conflitos.

Tentarase promover a educación en valores e traballaremos aspectos como :

- A igualdade de oportunidades entre os sexos. A educación para a paz.
- A educación para a saúde.
- A educación para o consumo responsable.
- A educación para a convivencia e o respecto.
- coidado e o repeto do medio.

#### **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.**

Algunhas das actividades realizadas na aula terán como obxectivo o fomento das novas tecnoloxías. A continuación fálase dos obxectivos que se pretenden acadar e dos contidos que nos axudarán a acadar eses obxectivos.

##### Obxectivos xerais.

- Usar metodoloxías que favorezan a aprendizaxe autónoma e crítica coa información.
- Abordar a incorporación das TIC á práctica docente cotiá.
- Utilizar distintos recursos tecnolóxicos para unha maior comprensión das áreas do currículo.

Utilizar un robot para o afianzamento de contidos nas áreas de lingua, ciencias naturais, sociais e matemáticas.

##### Contidos

- Acende e apagar o ordenador correctamente
- Uso do rato: Usar de xeito correcto e cómodo
- Uso do teclado: Iniciarse no uso do teclado con actividades lúdicas

- Usp de Procesador de Textos.
  - Usar os Ipad para cálculo matemático
- 
- Uso de recursos interactivos para a aprendizaxe das distintas materias do currículo: usar programas sinxelos axeitados aos Obxectivos do Proxecto Curricular programas de lectoescritura, cálculo mental, operacións, xeometría e debuxo, quebracabezas...
  - Uso de Internet para acceder a páxinas infantís de carácter educativo e lúdico.
- 
- . Utilización de encerado dixital como apoio a actividades de aula.
  - . Programación e manexo dun robot.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e a LOMCE establece como obxectivo da Educación Primaria “Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”.

A **finalidade** do Plan TIC é a de que as Tecnoloxías da Información e da Comunicación se incorporen como un recurso máis ós procesos de ensino-aprendizaxe. Dende esta programación, traballarase coas TIC atendendo ás directrices establecidas no Plan TIC elaborado polo centro educativo.

A **idea principal** deste proxecto non é que os alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implícitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo o mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

De seguido, detallarase os **obxectivos** que se pretenderán acadar co alumnado e plantexados neste proxecto:

- Usar todo tipo de materiais e software que facilite a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de todo tipo de habilidades, destrezas e coñecementos .
- Favorecer e potenciar a súa comunicación e intercambio de información con outros compañeiros do seu contorno próximo ou de fóra do centro.
- Empregar os ordenadores como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas propias de cada un.

Finalmente, dicir que é fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a todo o alumnado, por iso establecerase dentro do horario lectivo de 1º curso de educación primaria, unha hora semanal de traballo na aula de informática, así como o uso habitual da pizarra dixital instalada en cada unha das aulas deste curso.

As formas máis habituais de **utilización das novas tecnoloxías** a nivel de aula e de centro son as que se detallan a continuación:

- *Exposición do profesor apoiada nas novas tecnoloxías:* Os contidos traballados na aula, serán reforzados mediante proxección de informacións relacionadas coa temática, as cales permitirán a aplicación de contidos e a concienciación, por parte do alumnado, da diversidade de fontes de onde podemos obter ditas informacións. Para iso recurriremos a diversas páxinas web educativas, onde se ofrecen programas educativos. Algúns deles serán os seguintes:
  - Proxecto Alquimia (Portal Eucativo da Xunta de Galicia)
  - Aplicacións LIM sobre temáticas específicas
  - Aplicacións JCLIC sobre temáticas específicas
  - Outros...
- *Iniciación á informática:*
  - Uso correcto do hardware do ordenador (manexo do teclado, da pantalla...)

- Emprego de procesador de textos Word
  - Uso da aula virtual.
  - Emprego das tablets para os xogos de play osmo (números, palabras, tangrand....)
- *Aprendizaxe por investigación.* Durante o curso o alumnado realizará diversos traballos que permitirán o uso da rede como fonte de información, ensinándolles a discernir aquelas informacións importantes e dándolles pautas para o bo uso da rede. Polo tanto, será unha aprendizaxe por investigación conducido e previamente traballado.

## 15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

O obxectivo final da aprendizaxe das habilidades necesarias para ler comprensivamente é conseguir lectores autónomos, que lean correctamente (con seguridade, fiabilidade e fluidez axeitados), comprendendo o significado do texto (extraendo o significado do texto de maneira global ou dos diferentes apartados incluídos no mesmo) e conectando os novos conceptos cos coñecementos previos e incorporándoos ao seu coñecemento

(aplicando os novos conceptos a situacións que o precisen). Estes lectores autónomos serán capaces de:

- Aprender autonomamente. Acceder á cultura
- Descubrir o pracer de ler.

Proxecto Lector está estreitamente relacionado con todas as competencias básicas do currículo, especialmente, coa competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender; porque promove:

fomento da lectura.

O desenvolvemento da lectura comprensiva de forma progresiva e continuada desde os primeiros niveis de escolarización en EI, na EP e na ESO.

A lectura en todo tipo de textos (literarios, expositivos, científicos, publicitarios, gráficos); en soporte impreso ou dixital; con todo tipo de finalidades.

A educación en información, utilizando os recursos impresos e as tecnoloxías da comunicación e da información (TICS), ao alcance do alumnado, empregadas funcionalmente e de forma eficaz, comprensiva e ética.

Obxectivos concretos

Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe

Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes...

Ensinar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora

Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.

Conquerir unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos .

Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...

Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.

Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.

Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro

Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.

Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.

Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas.

Deseñar actividades de alfabetización informacional e educación documental

Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.

Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

O centro implantou unha sesión lectora de 25 minutos diarios despois do recreo que cada titor organiza da forma que mellor considera (reflexado no plan lector de aula)

Actividades previstas no P.L.C. Temporalización das actividades según o acordado no mesmo.

## 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADE	PERIODICIDA
Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos.	Sistemática
Narración dun conto ou poemas polo profesor e polo neno.	Sistemática
Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas	Puntual
Elaboración de contos	Puntual
Dramatización das lecturas	Puntual



Dende o segundo faremos aportación a o proxecto lector a través de diferentes actividades:

- Participar coas actividades que organice o EDL.
- Celebración das diferentes datas conmemorativas do centro usando a lingua galega.
- Fomentar o coñecemento de xogos populares e contos, refráns e ditos tradicionais.
- Usar e aprender cancións en galego.
- Fomentar que os nenos usen o galego nas súas relación persoais.
- Os alumnos poden levar sempre que queiran libros da biblioteca do centro, pero a vosa obriga como pais é supervisar que lean, e que logo devolvan os libros en bo estado e no prazo.
- Con respecto a biblioteca de aula levarán un libro semanalmente, do cal farán unha ficha para ir acostumándose as partes dun libro.
- Como novidade este ano para a motivación á lectura (que creo que se está conseguindo na maioría dos casos), participaremos no LIBROPOLY (que consiste en ir dándolle unha serie de puntos por cada colección de libros ata poder acadar un total de 40 puntos , que ao final de curso poderán canxear por agasallos nunha tómbola que se fará no colexio).este proxecto foi posto en práctica polas profesoras titoras do 3º ciclo dende fai uns anos, e debido ao bo resultado este ano por 1ª vez decidimos extendelo a toda primaria.
- Previamente informaremos as familias desta actividade para adecuar as lecturas aos intereses, idades dos nenos e así fomentaremos outra actividade dentro do Plan de Convivencia relacionado coa lectura.

## **16. PARTICIPACIÓN DE PAÍS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.**

Segundo o artigo 7 da orde 23/7/2014 (DOG do 14 de agosto) todo pai/nai/titor/a legal ten dereito a formar parte do proceso educativo do alumno/a. A través das titorías comunicaremos con eles para atender a diversidade do alumnado facendo así unha educación individualizada cas características específicas de cada alumno, sen perder o referente o grupo aula. Adoptaranse medidas de actuación conxuntas na casa e na escola. O horario de atención a pais / nais será por videoconferencia ou por teléfono debido a

situación orixinada polo COVID-19. O día marcado será o martes pola tarde, pero non teremos ningún problema por adaptarnos a sispoñibilidade dos país.